

## **BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO IMAXINA CORUÑA**

### **V EDICIÓN. CURSO 2025-26**

#### **Base primeira: definición do concurso**

---

O Concello de A Coruña, a través da Concellaría de Educación en colaboración cos Museos Científicos Coruñeses, organiza a **V edición do programa IMAXINA CORUÑA**, coa finalidade de fomentar a difusión da cultura científica e tecnolóxica entre o alumnado dos centros educativos de educación secundaria e bacharelato do municipio da Coruña e a área metropolitana, de cara ao curso escolar 2025-2026.

O programa Imaxina Coruña nace como unha iniciativa municipal de carácter innovador e servirá de marco para que o alumnado participante desenvolva un proxecto orixinal empregando as disciplinas STEAM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas) coa finalidade de contribuír a resolución dun problema real da sociedade.

O proxecto rematará coa presentación pública dos experimentos, traballos e materiais creados polos grupos participantes, nunha Feira de ideas.

Para realizar a valoración dos proxectos presentados e seleccionar aos grupos gañadores o Concello contará coa colaboración de persoas expertas en educación e comunicación científica e persoas mozas con experiencias en actividades científicas.

#### **Base segunda: obxectivos**

---

Os obxectivos do programa IMAXINA CORUÑA son os seguintes:

- Fomentar actitudes positivas da ciencia e da tecnoloxía, dando respostas, mediante a experimentación ou o deseño, a cuestións que promovan un planeta sostible.
- Favorecer e mellorar o desenvolvemento de valores educativos tales como: a creatividade, o traballo en equipo, a autonomía, a solidariedade, a innovación e o compromiso social.
- Impulsar e fomentar iniciativas científicas entre o alumnado.
- Apoiar e incentivar o persoal docente dos centros educativos na súa tarefa de formación
- Dar visibilidade a iniciativas innovadoras que desenvolvan os alumnos e as alumnas.
- Incentivar a participación das rapazas no ámbito da ciencia e da tecnoloxía, na procura da ruptura da fenda de xénero nesta materia.

### **Base terceira: temática**

---

Nesta V edición concurso para os traballos dos equipos participantes **SERÁN DE TEMÁTICA LIBRE**.

Esta edición de Imaxina Coruña é unha oportunidade para que os estudantes desenvolvan competencias científicas e sociais, á vez que achegan solucións creativas dalgún dos maiores desafíos do noso tempo.

Trátase de fomentar a conciencia ambiental, o compromiso social e as habilidades científicas dos estudantes, incentivando a creación de proxectos de investigación que aborden problemáticas locais ou globais. Espérase que os participantes investiguen e propoñan solucións sostibles e realistas para os retos que afrontan as súas comunidades ou a nivel global, promovendo o desenvolvemento dunha cultura de coidado e uso responsable dos recursos.

### **Base cuarta: destinatarios**

---

Poderán participar no concurso os **centros educativos públicos e concertados con sede na nosa cidade e na área metropolitana** (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada), que conten con grupos de **alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato**.

Cada centro poderá solicitar participar cun máximo de 3 grupos.

Os grupos poderán contar entre 2 e 4 participantes, que só se poderán inscribirse nun grupo. Todos os grupos deberán ser mixtos de cara a fomentar o principio de igualdade na ciencia que defende este concurso. Non se admitirá máis dun proxecto por grupo.

Un profesor ou profesora das materias relacionadas liderará o grupo ou grupos participantes e responsabilizarase do alumnado que os integra e o designado por cada centro servirá de ligazón co persoal municipal e a empresa organizadora responsables do programa.

No programa poderán participar un mínimo de 10 grupos e un máximo de 40. De non alcanzar o mínimo requirido de 10 centros participantes, o programa non se desenvolverá.

A selección dos grupos participantes realizarase por rigorosa orde de entrada da solicitude por centro; de tal xeito que, se se superan as previsións, a prioridade establecerase por centros, é dicir, se un centro presenta varios grupos a prioridade será a participación do maior número de centros posibles fronte ao maior número de grupos por centro.

## **Base quinta: inscrición**

---

Para participar no programa cada centro educativo deberá cursar a solicitude de inscrición a través da ficha específica do programa na páxina web educativa do Concello da Coruña , **no prazo do 16 de setembro ao 30 de outubro:**

[https://edu.coruna.gal/coruna\\_educ centros/xestion/actividades/listaxe](https://edu.coruna.gal/coruna_educ centros/xestion/actividades/listaxe)

Xunto coa solicitude, deberá acompañarse a seguinte documentación por cada grupo, como anexo:

- Título do proxecto
- Os nomes, apelidos e DNI das persoas participantes, incluíndo o persoal docente
- Unha breve descrición do proxecto que se propón (máximo 10 liñas)
- A relación de materiais previstos para o desenvolvemento do proxecto de investigación

Os centros recibirán confirmación da inscrición do seu proxecto por correo electrónico.

Unha vez formalizada a inscrición dos grupos participantes, a organización poñerase en contacto cós docentes responsables para coordinar a titorización e asesoramento dos proxectos.

O Concello correrá cos gastos en concepto de material funxible\* que estean relacionados co proxecto a desenvolver ata un máximo de 150,00 euros por grupo participante.

*\*Considérase material funxible o material de oficina, fotocopias, alugueiro de material informático ou audiovisual, compra de material non inventariable para levar a cabo a investigación, etc.*

Cada grupo percibirá a aportación económica correspondente (abonada pola empresa adjudicataria Ceo Aberto) e deberá xustificar esta achega, cun recibo da cantidade, un compromiso de presentación de proxecto e cumprimento de normas, que deberá asinar o docente responsable do grupo. Se algún grupo se da de baixa despois de recibir dita achega, deberán devolvela.

## **Base sexta: fases de desenvolvemento**

---

O concurso desenvolverase nas seguintes fases, dende o mes de outubro de 2025 ata o mes de abril de 2026.

**Fase I.- Inscrición e preparación do proxecto. dende o 16 de setembro ao 30 outubro de 2025,** tempo no que se levará a cabo estas actuacións:

- Inscrición dos centros e grupos, segundo o indicado na base 5ª.

- Xornada de formación presencial e telemática, o **mércores 22 de outubro ás 17,30 h na DOMUS.**

### Fase II.- Asesoramento e a titorización do proxecto, dende o 1 de novembro de 2025 ata o 18 de marzo de 2026.

O asesoramento e titorización está dirixida ao alumnado e docentes dos centros participantes durante a elaboración dos traballos por parte do persoal adscrito á empresa Ceo Aberto, persoal especialista e persoal dos Museos Científicos Coruñeses.

O obxectivo final do asesoramento e titorización é ofrecer un soporte para a investigación científica ou desenvolvemento tecnolóxico e preparar a memoria final do proxecto para presentalo na feira de ideas, realizando todas as actuacións precisas para que estes resolvan as súas dúbidas, derivando nun mellor desenvolvemento do proxecto que desexan presentar.

Todos os proxectos contarán con 3 horas de revisión ou asesoramento telemático, que serán calendarizadas de acordo coas necesidades dos centros.

### Fase III.-Presentación da memoria final

O prazo de presentación da memoria final rematará o día **18 de marzo de 2026**, debendo achegarse en formato PDF a través do correo electrónico [imaxina@coruna.gal](mailto:imaxina@coruna.gal)

A memoria deberá ser orixinal, inédita e innovadora e deberá conter:

- O título do proxecto.
- Os nomes, apelidos e DNI do alumnado participante.
- Os nomes, apelidos e DNI do docente que liderou o reto.
- A hipótese, os materiais, os resultados e as conclusións, redactados en galego.
- Deberanse achegar tamén imaxes, táboas, gráficos, fotografías ou calquera outro elemento que dea soporte á memoria presentada.

A memoria deberá presentarse usando a letra Arial 11 e non poderá superar as 20 páxinas, escritas por unha cara.

Quedarán excluídas as memorias que non se axusten a estes requisitos.

### Fase III.- Valoración das memorias e preselección de proxectos para presentación na Feira, do 23 marzo a 10 de abril de 2026.

As memorias presentadas serán valoradas por un xurado denominado **“Comité de valoración do Proxecto Imaxina Coruña”** composto por un mínimo de tres persoas especialistas en educación, comunicación científica-tecnolóxica e con experiencia en actividades científicas

(membros do club de ciencia, participantes en feiras científicas, premiados noutros proxectos de ciencias e tecnoloxía...) e un/a técnico/a do Servizo Municipal de Educación, que actuará como secretario/a.

Este Comité valorará as memorias presentadas e seleccionará os proxectos que pasarán á final e participarán na feira de ideas. Para elo, deberán establecer uns criterios obxectivos e establecer unha puntuación de corte, descartando aquelas que non cumpran cos requisitos mínimos esixidos.

Redactará unha acta cos resultados da valoración e a súa xustificación, que será remitida xunto coas memorias ao Servizo de Educación.

#### **Fase IV.- Feira de Ideas e entrega de premios “V Imaxina Coruña”, o sábado 18 de abril de 2026.**

A Feira das ideas Imaxina Coruña celebrarase o sábado 18 de abril de 2025, en horario de 9:00 a 14:30h, nas instalacións da DOMUS, no que se realizará o acto de entrega de premios.

Na dita feira, aos grupos seleccionados se lles facilitará un espazo (cseta) rotulado co nome do centro participante ao que representan, así como co título do seu proxecto.

Neste espazo o alumnado presentarlle ao público asistente, os produtos e o traballo realizado no desenvolvemento dos seus proxectos, podendo facer uso de calquera medio que mellore a presentación como vídeos expositivos, materiais publicitarios, audiovisuais, teatrais ou calquera ferramenta que estime oportuna a fin de conseguir un maior atractivo e atención sobre a proposta.

O “Comité de valoración do proxecto Imaxina Coruña”, visitará as casetas expositivas e deliberará en base aos criterios establecidos nas bases do programa, tendo en conta tamén a valoración inicial das memorias presentadas e os proxectos. Considerarase: a autenticidade das investigacións, a presentación na caseta, a orixinalidade, o rigor científico e tecnolóxico, o sentido crítico, a viabilidade do proxecto, o grao de sustentabilidade, o nivel de innovación, a capacidade para mellorar a vida das persoas e aspectos que demostren a curiosidade e constancia.

O Comité redactará unha acta cos resultados da elección e a súa xustificación.

A decisión do Comité será inapelable e poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera.

## Base sétima : premios

---

### 1. Premios para os proxectos

Os premios establécense en función das seguintes **3 categorías**:

- Premio á sustentabilidade
- Premio á innovación
- Premio ao compromiso social.

**Para cada unha das categorías** deste concurso establécese como premio a invitación a participar ou visitar un día a feira científica estatal “Zientzia Azoka”, en Bilbao (<https://zientzia-azoka.elhuyar.eus/> ) en maio de 2026. O premio inclúe os gastos de desprazamento, aloxamento e almuerzo para os equipos gañadores e os docentes (máximo 5 persoas por grupo, incluído o/a docente).

Os grupos premiados que vaian a participar na dita feira científica, deberán de adaptarse as normas de participación establecidas nela. Será obrigatorio o acompañamento do/a docente de cada Centro Educativo premiado á feira como responsable e acompañante dos grupos premiados.

### 2. Premio ao centro educativo

Ademais, cada centro educativo onde estea matriculado o alumnado premiado nas 3 categorías sinaladas, recibirá un cheque regalo por importe de 500,00 €. O dito importe deberá destinarse á adquisición de material científico e tecnolóxico para a aula participante no concurso, nun establecemento comercial dentro do termo municipal coruñés da súa elección.

### 3. Mención especial

A xuízo do Comité de valoración poderase conceder unha mención especial, en función do carácter singular dalgún dos proxectos presentados polos grupos participantes.

Establécese como premio un cheque regalo para o centro educativo por importe de 300,00 €. O dito importe deberá destinarse para a adquisición de material científico e tecnolóxico para a aula participante no concurso, nun establecemento comercial dentro do termo municipal coruñés da súa elección.

### 4. Premio aos vídeo dos proxectos

Aqueles grupos concursantes que presenten un vídeo relato do seu proxecto, xunto coa memoria a valorar, serán publicados na canle de Youtube de Educación e sometidos a votación popular, desde o luns 23 de marzo ás 12:00 horas e ata o venres 10 de abril ás 23:59 horas.

As características do vídeo deberán ser as seguintes: duración máximo de 2 minutos; formato horizontal; resolución mínima de 720p e peso máximo de 50M.

Para determinar o grupo gañador, contabilizaranse os “gústame” e o tempo das reproducións dos vídeos. En caso de empate recorrerase á "porcentaxe de retención" de cada vídeo.

O grupo gañador da votación popular será premiado cun estabilizador.

## **Base octava: protección de datos**

---

8.1. Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o programa “A CORUÑA DAS CIENCIAS: IMAXINA CORUÑA 2025/2026”.

8.2. O Concello da Coruña ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

8.3. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello da Coruña no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

De conformidade co artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a autorización para o tratamento dos datos derivados deste concurso para os participantes menores de 14 anos, deberá vir referendado polo titular da patria potestade.

8.4. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

8.5. Os datos serán obxecto de cesión á empresa adjudicataria da xestión do programa municipal “A CORUÑA DAS CIENCIAS: IMAXINA CORUÑA 2025/2026”, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan co fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

8.6. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, dirixíndose por escrito ao Concello da Coruña, a través do procedemento dispoñible na sede electrónica: <https://www.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/exercicio-de-dereitos-sobre-os-datos-de-caracter-persoal/contenido/1453762232714?argldioma=gl>.

## Base novena: aceptación das bases

---

O feito de participar no concurso V IMAXINA CORUÑA implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases.

Para calquera aclaración poden poñerse en contacto co Servizo Municipal de Educación do Concello de A Coruña, no teléfono 981 184 200 ext.: 10179 ou a través dos correos [imaxina@coruna.gal](mailto:imaxina@coruna.gal) ou [educacion@coruna.gal](mailto:educacion@coruna.gal)

A Coruña, na data de sinatura electrónica que consta no presente documento

O concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica

Juan Ignacio Borrego Vázquez